

RESOLUCIÓN REITORAL DE 28 DE NOVEMBRO DE 2016, POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES NO CLAUSTRO, XUNTAS DE CENTRO E CONSELLOS DE DEPARTAMENTO

Ao abeiro do establecido nos Estatutos da Universidade da Coruña e mais no Regulamento electoral xeral, aprobado polo Consello de Goberno en sesión de 28 de setembro de 2016, esta Reitoría resolve convocar eleccións de representantes de estudantado no Claustro Universitario e de representantes nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento, segundo as seguintes bases:

A) ELECCIÓN DE REPRESENTANTES

1. Renovación dos e das representantes no Claustro Universitario do estudantado matriculado en titulacións oficiais en centros propios da Universidade da Coruña.

2. Elección de representantes en xuntas de centro correspondentes aos seguintes sectores:

- Profesorado sen vinculación permanente á Universidade que imparta docencia maioritaria no centro e persoal investigador e en formación que colabore na docencia.

- Estudantado matriculado no centro en estudos de grao, en mestrados oficiais e en titulacións de 1.º e 2.º ciclo.

- Persoal de administración e servizos, incluíndo o persoal das UADI e da UXAI que preste servizos no centro.

3. Elección de representantes en consellos de departamento correspondentes aos seguintes sectores:

- Profesorado a tempo parcial, persoal investigador en formación con carga docente e lectores/as integrados/as no departamento

- Estudantado matriculado en estudos de grao, en mestrados oficiais e en titulacións de 1.º e 2.º ciclo do ámbito de docencia do departamento

- Persoal de Administración e Servizos da UADI que preste servizos ao departamento.

B) PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

1. Circunscricións electorais:

a) Para a elección de representantes do estudantado no Claustro:

- Estudantado de grao, mestrados oficiais e 1º e 2º ciclo: cada un dos centros relacionados no anexo I do REX

- Estudantado de doutoramento: circunscrición única (Escola Internacional de Doutoramento)

b) Para a elección de representantes en xuntas de centro:

- Cada un dos centros relacionados no anexo I do REX

c) Para a elección de representantes en departamentos:

- Cada un dos departamentos relacionados na Memoria do Plan Director de Racionalización de Estruturas Académicas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 26 de outubro de 2016 (páxinas 34 a 39).

2. Son elixibles en cada sector e circunscrición electoral, membros da comunidade universitaria que, figurando no censo definitivo (artigos 2 e 5 REX), presentasen candidatura e fosen proclamadas definitivamente como candidatos ou candidatas pola Comisión Electoral Central da UDC, consonte o disposto nos artigos 15 e 16 REX.

3. As candidaturas presentaranse mediante instancia electrónica, que estará accesible no taboleiro electrónico, dende o 18 de xaneiro de 2017 até as 14:00 horas do día 23 de xaneiro de 2017.

O formulario de candidatura remitirase (asinado dixitalmente ou asinado e escaneado) por correo electrónico a comision.electoral@udc.gal. Este formulario conterá polo menos os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos
- b) Enderezo electrónico para os efectos de notificacións
- c) Número de documento oficial de identificación
- d) Sector electoral e circunscrición polos que presenta a súa candidatura

4. As candidaturas serán individuais aos efectos de presentación, proclamación, votación e escrutinio. En todo caso, as candidaturas pódense agrupar co único obxecto de realizar a campaña electoral de forma conxunta, achegando a denominación ou a sigla que represente a agrupación electoral que se incluirá na candidatura correspondente ao lado do nome da persoa candidata. En caso de coincidencia entre diversas denominacións ou siglas, darase preferencia á que se presentase primeiro.

C) VOTACIÓNS

1. O proceso de votación realizarase de forma electrónica, de acordo co disposto no artigo 19 REX.

2. O sistema de autenticación que dará acceso ao sistema de votación será o Sistema de Federación de Identidade da UDC.

3. A plataforma de votación electrónica permanecerá aberta entre as 10:00 e as 19:00 do día 9 de febreiro de 2017.

4. A Comisión Electoral Central ordenará as diferentes candidaturas - unha para cada circunscrición, sector e proceso electoral - de conformidade co disposto no artigo 18.2 REX. Na plataforma electoral, de conformidade co disposto no artigo 20.2 REX, indícarase o número máximo de candidatos e candidatas polos que a electora ou elector poderá votar.

5. Durante toda esa xornada, a partir das 09:00 horas, a Comisión Electoral Central constituirase en Mesa Electoral Electrónica, a fin de garantir o correcto desenvolvemento do proceso. A secretaría xeral disporá os medios e o persoal técnico precisos.

D) ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE ELECTAS/OS

1. Ás 19:00 horas do día 9 de febreiro, a Mesa Electoral Electrónica procederá ao escrutinio de acordo co disposto no artigo 22 REX para os procesos con votación electrónica.

2. Finalizado o escrutinio, a Mesa Electoral Electrónica estenderá as actas correspondentes e publicará o escrutinio.

3. A proclamación provisoria dos candidatos e candidatas electas, de conformidade co disposto no artigo 23 REX, realizarase o día 10 de febreiro. O acordo de proclamación provisoria de electos e electas poderá ser obxecto de recurso administrativo ou contencioso-administrativo nos termos previstos no artigo 24 REX.

4. Resoltos os recursos ou decorrido o prazo de dous días previsto no artigo 24 REX para a formulación do recurso potestativo de reposición, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas electas.

5. A Secretaría Xeral atenderá as dúbidas e incidencias que puideren suscitarse, ben por correo electrónico (comision.electoral@udc.gal e evoto@udc.gal) ou telefonicamente (extensión 2370 e 1143).

E) CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria das eleccións por resolución reitoral : 28 de novembro de 2016 (luns)
2. Publicación do censo electoral provisorio: 9 de xaneiro de 2017 (luns)
3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
 - Prazos de presentación: do 10 de xaneiro (martes) ao 12 de xaneiro de 2017 (xoves), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 13 de xaneiro (venres) ao 16 de xaneiro de 2017 (luns)
4. Data de publicación do censo definitivo: 17 de xaneiro de 2017 (martes)
5. Prazo de presentación de candidaturas: do 18 (mércores) ao 23 de xaneiro de 2017 (luns), até as 14:00 horas
6. Proclamación provisorias de candidaturas: 25 de xaneiro de 2017 (mércores)
7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorias de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 26 (xoves) ao 30 de xaneiro de 2017 (luns), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 31 de xaneiro (martes) ao 1 de febreiro de 2017 (mércores)
8. Proclamación definitiva de candidaturas: 2 de febreiro de 2017 (xoves)
9. Campaña electoral: do 3 (venres) ao 7 de febreiro de 2017 (mércores)
10. Data da votación: 9 de febreiro de 2017 (xoves)
11. Proclamación provisorias de candidaturas electas: 10 de febreiro de 2017 (venres)
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorias de candidaturas electas:
 - Prazos de presentación: do 13 (luns) ao 14 de febreiro de 2017 (martes), até as 14:00 horas

- Prazos de resolución: do 15 (mércores) ao 17 de febreiro de 2017 (venres).

13. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 20 de febreiro de 2017 (luns)

A Coruña, 28 de novembro de 2016

O reitor



Julio E. Abalde Alonso